



Vigo, 1 de Xuño do 2018

Oportunidade de contrato de verán para a realización da etapa experimental dun Proxecto ERC sobre Adaptación ao Cambio Climático en Sistemas Mariños

O grupo de investigación Future Oceans Lab ([FOL](#)) da Universidade de Vigo oferta cinco postos laborais dun mes de duración para a realización de entrevistas como parte dun proxecto europeo focalizado en sistemas mariños. As/os candidatas/os seleccionados comezarán o 1 de Xullo do 2018 e realizarán o seu traballo durante o mesmo mes. FOL é un grupo de investigación dinámico e novo deseñado sobre o proxecto de investigación ERC, CLOCK: *Climate Adaptation to Shifting Stocks*, liderado pola Doutora Elena Ojea. O grupo localízase na Torre Cacti do Campus Lagoas-Marcosende da Universidade de Vigo.

As/os candidatas/os finais axudarán ás/os investigadoras/os na realización de entrevistas ó sector pesqueiro galego de pequena escala con interese na súa adaptación cara o cambio climático. Habilidades sociais e coordinativas son necesarias para este posto, ademais dunha mostra de alta motivación por parte das/os candidatas/os.

Descrición do posto de traballo:

As/os candidatas/os seleccionadas/os entrevistarán a pescadoras/es e mariscadoras/es de 10 confrarías galegas en diferentes puntos do territorio autonómico. Estas entrevistas son parte dunha investigación de doutoramento enmarcada nun proxecto ERC CLOCK – *Climate Adaptation to Shifting Stocks*. Este proxecto multidisciplinar céntrase no estudo da Adaptación ao cambio climático de sistemas mariños dende unha perspectiva transversal (dimensión ecolóxica, social e económica). As/os candidatas/os seleccionadas/os terán a oportunidade de explorar o caso de estudo galego de pesca de pequena escala e a posta en práctica de metodoloxías de mostraxe social.

Estamos buscando aspirantes con formación en ecosistemas mariños, investigación económica e social, ciencias políticas e de xestión e altamente motivados. Ademais, habilidades técnicas-operativas, lingüísticas e sociais son requisitos necesarios.

- 5 postos laborais (suxeitos ás condicións da selección)
- Duración do contrato: 01/07/2018- 01/08/2018 (suxeito a pequena variación)
- Xornada laboral a tempo completo
- Algunhas responsabilidades (non exclusivas):
 - As/os candidatas/os seleccionadas/os atenderán a un curso de formación de 1 día de duración perfeccionando así o adecuado desenvolvemento da súa función.

- Cada candidata/o seleccionada/o realizará 100 cuestionarios a individuos do sector pesqueiro galego de pequena escala. Este número pode variar de acordo a modificacións no plan da investigación e/ou accesibilidade ós puntos de traballo.
- En relación ao curso de formación, as/os candidatas/os seleccionadas/os rexistrarán a información obxectivo e elaborarán un continuado informe do progreso diario posibilitando deste xeito unha axeitada avaliación do grupo Future Oceans Lab sobre o traballo de campo. Esta tarefa fortalecerá a transferencia de información facilitando así a boa comunicación no grupo.

Cualificación necesaria:

1. As/os aspirantes deben estar matriculadas/os nunha universidade ou ter un título universitario relacionado co obxectivo de investigación.
2. As/os aspirantes deben ter excelentes habilidades de comunicación, mostrando fluidez e soltura na lingua galega e castelá.
3. As/os aspirantes deberán posuír un nivel elevado en "office" (excel, word, e-mail), e uso en novas tecnoloxías (*smartphones* e *tablets*).
4. As/os aspirantes deberán mostrar unha actitude cooperativa ao igual que habilidades sociais operativas e de coordinación grupal.

Cualificación valorada:

1. Persoa de mente aberta con intereses multi-disciplinares.
2. Permiso de conducir e interese en coñecer comunidades pesqueiras da rexión.
3. Será altamente considerada a experiencia previa en dirección e desenvolvemento de entrevistas e aproximacións cualitativas (aproximación participativa con grupos de interese, grupos focais, métodos participativos, facilitación, etc.).
4. Experiencia na elaboración de informes e análise estatístico.
5. Experiencia no sector pesqueiro galego de pequena escala e a súa xestión.
6. Experiencia e formación en ciencias mariñas e ambientais, adaptación ao cambio climático, socioloxía, antropoloxía, pedagogía, maxisterio, bioloxía, economía, ciencias políticas e xestión ou ámbitos relacionados.
7. Habilidades interpersoais para unha adecuada e eficiente relación cos entrevistados e cos membros do grupo.

Salario e beneficios:

- Este é un posto de duración de 1 mes que cubre salario e gastos de transporte.
- O nivel de salario será proporcional ás cualificacións, no rango de **1200-1300€ brutos/mes**.
- As/os candidatas/os deberán estar dispoñíbeis para asistir e participar no curso de formación previo á realización de enquisas co sector.

- As/os candidatas/os terán a oportunidade de aprender de un ambiente de investigación, o cal forma parte dun proxecto relevante con implicacións para a sostibilidade en sistemas pesqueiros.

Para enviar a solicitude

Candidatas/os interesadas/os son invitadas/os a enviar a aplicación ao enderezo futureoceanslab@uvigo.es, indicando no asunto do e-mail: "Application for CLOCK project". Data límite de solicitude é o **14 de Xuño do 2018 ás 8pm** (Hora Europa central/Bruselas). Esta data límite pode ser estendida dependendo da adecuación das/os aspirantes ao posto laboral. A solicitude mediante correo electrónico debe incluír:

1. Unha carta de presentación dunha páxina en galego/castelán explicando a motivación polo posto laboral e a formación e experiencia previa de acordo ás cualificacións descritas anteriormente.
2. O Curriculum Vitae da/o candidata/o: indicando os cursos tomados relevantes para o posto laboral ao igual que habilidades técnicas específicas e experiencia laboral previa relacionada con obxecto do contrato.

Todas/os as/os candidatas/os recibirán unha mensaxe de confirmación como verificación da correcta recepción da solicitude. As/os candidatas/os que cumpran as *cualificacións necesarias* serán avaliadas/os de acordo ás *cualificacións valoradas* indicadas anteriormente. Candidatas/os seleccionadas/os serán entrevistadas/os antes da decisión final. O criterio regulador da decisión final estará repartido entre os méritos (70%) e a entrevista (30%). Candidatas/os seleccionadas/os serán notificadas/os unha semana máis tarde e invitadas/os a unha entrevista persoal, programada para a semana do 18-20 de Xuño do 2018. Apoiano a igualdade de dereitos e oportunidades, animamos a diversidade de candidaturas no proceso de solicitude e selección de aspirantes.